

ANIMAL FACTORY»

Editorial Empresa Activa, 2009. Ignacio Canela

A historia, homenaxe a Orwell, comeza nunha granxa abandonada polos homes. Os animais teñen que organizarse para seguir manténdoa de xeito productivo. Pero decátanse de que cada decisión que toman trae aparellados un sinnúmero de problemas colaterais, algúns previsibles e outros non, pero que sempre fan que o resultados sexan distintos aos esperados. Escrito con bo humor e sinxeleza, as leccións que os animais de “Animal Factory” nos aprenden son esenciais para a boa adopción de decisións por parte de calquera directivo dunha empresa ou dun emprendedor.



GESTIÓN DEL COMERCIO EXTERIOR»

Editorial ESIC, 2009. Varias autoras


Aquí estúdanse de xeito sinxelo e polo miúdo determinados aspectos básicos do comercio exterior que debe coñecer una empresa que comercializa os seus produtos fóra; entre outros, condicións de envío, medidas de política comercial, obstáculos ao comercio e medidas de fomento da exportación. Análizanse especialmente tódolos temas aduaneiros, o que facilitará atopar o rexime aduaneiro que mellor se adapte ás características das operacións comerciais da súa empresa co exterior, para poder acadar unha organización loxística máis eficaz e eficiente.



INTUICIÓN ESTRATÉGICA»

Editorial Granica, 2009. William Duggan

O profesor de management da Universidade de Columbia, Bill Duggan, sostén que a intuición estratéxica aplicada á xestión empresarial pode axudar a dirixir a innovación, a resolver problemas e a capitalizar ao máximo oportunidades de negocio non previstas. Actúa coma un “*flash de entendemento*” mediante o cal podemos pensar con claridade a solución a un problema, é coma un instinto que nos leva a facer algo sen saber exactamente porqué o estamos facendo así. Este libro amosa como este tipo de intuición subxace en tódolos grandes logros da historia humana.



LA EMPRESA CIUDADANA

Editorial Trotta, 2009. Josep M. Lozano

Avanzouse moito no desenvolvemento da axenda da Responsabilidade Social da Empresa (RSE) e no espallamento de modelos de xestión, xunto a un certo debate ideolóxico que sempre desemboca na demanda dunha meirande clarificación do que cabe entender por RSE. O presente libro é unha crónica e, á vez, unha síntese de toda esta discusión. Propón un xeito de entender a RSE e de aproximarse a ela e achega tamén unha toma de posición. O autor clarifica os diversos xeitos de coñecer e interpretar ás relacións entre empresa e sociedade, e opta pola expresión “empresa cidadá” como marco de referencia.